

Brétemas

Ledicia Costas: «O que precisa a rapazada son lentes violeta»

14 de Outubro de 2018 Manuel Bragado

Recollo para arquivo o texto da conversa que mantiven con Ledicia Costas, publicada na revista [*Luzes* 60](#).

<https://bretemas.gal/ledicia-costas-o-que-precisa-a-razapada-son-lentes-violeta/>

Conversamos coa escritora Ledicia Costas na praia de Alcabre , no que foron as instalacións do antigo matadoiro transformado no actual Museo do Mar de Galicia, que garda o artefacto submariño co que Antonio Sanjurjo Badía «Habilidades» navegou a ría de Vigo. Con Agustín Fernández Paz, o anime, o universo vitoriano e gótico ou o feminismo como referentes, a ex-avogada que pasou a ser galegofalante xa no instituto tese convertido nunha das autoras máis prolíficas e premiadas da literatura galega actual.

Moi satisfeita pola tradución ao italiano que Mondadori publicou de *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, un fito para a internacionalización do seu catálogo e para a súa profesionalización como escritora, confesa que leva traballando todo o verán nun *thriller* psicolóxico para persoas adultas, unha novela que concibe como un reto literario e estilístico.

No pregón da feira do libro de Vigo de 2017 lembraches que tiveras a fortuna de nacer nunha familia na que conviviches co real e co imaxinario dende cativa. En que medida esas circunstancias familiares influíron na túa actual condición de escritora? Influíron absolutamente. Estou convencida de que son escritora por dúas razóns. Unha, pola miña devoción polas palabras e por toda esa literatura que consumín sendo unha nena e unha preadolescente, cando era unha auténtica devoradora de libros. Outra, polo lugar onde me criei e polo tipo de persoas que me rodeaban, que se ben non semellaban ter un interese cultural específico, si eran moi singulares e provocaban que o propio lugar, a Brea Muiñeira, que xa ten un nome especial, no Vigo popular do extrarradio ofrecese moitos alicientes literarios. Cando dixen que o meu avó, o pai da miña nai, era inventor non esaxerei, aínda que facía inventos que non servían para nada, pero el consideraba que era un auténtico xenio. Inventou unha cousa terrible, unha trampa para fritir gatos, coa intención de que os felinos non lle pisasen o coche. Inventou unha especie de vídeocámara, que non funcionaba, pero como el era un técnico de radio e televisión, como así figuraba nunha tarxeta, tiña no seu cuarto dous televisores, un enriba doutro e vía xa daquela as dúas canles simultaneamente. Crieime rodeada de artefactos.

Que lembranza tes da túa avoa, a quen dedicaches *Xardín de inverno* (2012), o teu libro de poemas? A miña avoa era tamén unha muller bastante especial. Nada que ver co avó inventor, xa que esta era a nai do meu pai. Estaba moi vencellada co mundo do mar, como toda a familia paterna. O seu home, o meu outro avó, foi o primeiro patrón de vela e motor que houbo en Galicia. Era unha tipa moi especial. A única muller que coñecín cos ollos grises, tiña unha galaxia dentro dos ollos. Os meus avós foron xente que me influíu profundamente.

Eos teus pais como influíron na túa formación como lectora? No meu caso o virus da lectura naceu na propia casa. Eu son a primeira persoa da miña familia que foi á universidade. Mais na miña casa sempre houbo libros. Dende moi pequena lembro ao meu pai lendo as noveliñas do oeste. E logo a miña nai que me levou da man á literatura. Mercábame libros e formamos unha biblioteca modesta, pero con títulos moi interesantes. O meu modelo foi ela. Seguí os seus pasos.

Por medio da lectura deches o salto ao emprego do galego? Cales foron as túas lecturas galegas primeiras? Recordo o primeiro título da colección Fóra de Xogo, *A sombra cazadora* de Suso de Toro e *Cartas de inverno* de Agustín Fernández Paz, que para min supuxo un antes e un despois. Até ese momento non recibira recomendacións de lecturas en galego, na biblioteca só escollía libros en castelán. No instituto de Beade foi onde coñecín a literatura galega, unha descuberta que contribuíu a que me convertese en galegofalante e que alí escribise en galego a miña primeira novela.

Como foi esa escrita? Fixera tres ensaios con anterioridade. O primeiro, de oitavo a primeiro de BUB escribira unha primeira novela, despois un segundo e con quince anos un terceiro que presentei ao Premio Merlín e co quedei finalista, o que recordo con moito entusiasmo. Logo xa cando cursaba segundo ou terceiro de BUP escribín *Unha estrela no vento*, que sería publicado por Xerais, anos máis tarde (2000), estando xa en segundo de carreira. Escribir libros provocábame entón sensacións que non me provocaba ningunha outra actividade.

Na túa biografía literaria, despois desta epifanía, hai unha longa década de formación, que coincide coa túa carreira universitaria e co teu inicio de traballo como avogada. Agardaches até 2012 para volver a publicar. Foi unha década un pouco frustrante porque estaba estudando unha carreira que non me gustaba, Dereito Económico e Empresarial. Ademais traballaba dixitalizando o arquivo Pacheco, unha faceta oculta a de escanista que configurou tamén a miña maneira de ver o mundo. Daquela non me sentía con forzas de escribir, pero lía de maneira compulsiva, quizais para paliar esa carencia, o que me daba a carreira non era o que eu necesitaba a nivel intelectual.

Coa publicación d' *O corazón de Xúpiter* (2012) abriches un período de cinco anos esplendorosos no que publicaches unha ducia de libros, a maior parte deles de literatura infantil e xuvenil. Entón presentábase como «avogada a tempo parcial, poeta a tempo completo». Foi unha metáfora que non se entendeu. Dedicaba todo o meu tempo a ser avogada, pola mañá no xulgado e pola tarde no despacho. Interiormente considerábame poeta a tempo completo.

E agora? Agora son escritora a tempo completo. Estou dedicada en corpo e alma á narrativa. Recoñezo que me custou moito traballo asumir que eu era escritora. Publicado *O corazón de Xúpiter* dicía para min «teño un par de libriños, pero escritora aínda non son».

Cando te recoñeciches como tal? Cando decidín dedicar toda a miña vida á literatura, cando dixen «vou deixar o despacho, vou dedicarme por enteiro á literatura, iso é o que quero facer».

Seguiches sendo unha traballadora autónoma..., pero mudei de epígrafe na Facenda. Dende entón non teño dúbida de que son escritora.

E escritora en lingua galega, outra decisión arriscada? Fun consciente de que este é un risco que dá gusto asumir. É unha cuestión ideolóxica, non me sentiría cómoda escribindo en español. Defendo que dende o galego se pode chegar plenamente a calquera sistema literario do mundo.

Esa decisión adscríbete a un grupo xeracional co que compartes afectos e referentes literarios. Hai un grupo de autores e autoras de lix que compartimos referentes. Series como *Dragon Ball* ou todo o anime xaponés que nos inflúe a autores como Jacobo Fernández Serrano, Antonio Manuel Fraga ou a min mesma. Compartimos fielmente o imaxinario do cine de Hayao Miyazaki e o de moitas lecturas como as de Astrid Lindgren ou Christine Nöstingler.

E, probablemente, compartides tamén esa vocación agustinista de que a lectura é capaz de transformar ás persoas. Si. Pode parecer unha idea romántica, pero si que confío nesa idea de que a literatura pode mudar ás persoas e en consecuencia contribuír a mudar o mundo. É un dos meus motores principais para abordar o traballo como escritora. Todos limos a Agustín Fernández Paz e o temos de forma inconsciente como referente moral, ideolóxico. O lado humano de Agustín marcóume profundamente. E non só a min. Iso é algo que falamos moitas veces en privado. Afortunadamente iso se reflicte nas nosas obras. Creo que para desempeñar calquera profesión no mundo, para ser un bo profesional, primeiro tes que ser unha boa persoa. Se non é así, algo hai no medio que fai augas. Por fortuna hai moitas persoas que nos une esta idea.

Compartides tamén unha idea da literatura infantil e xuvenil como un xénero non subordinado, un xénero autónomo e con valor de seu. Para min iso está fora de toda dúbida. Sei que hai resistencias. Hai persoas dentro da crítica galega que a min non me consideran, nunca fixeron crítica de ningún dos meus libros. Danse situacións tan curiosas como unha reportaxe que saíu nun xornal galego sobre literatura e gastronomía onde non se mencionaba Escarlatina. Sen ánimo de pecar de egocéntrica, estou practicamente segura de que é algo feito de forma consciente, que reflicte a non consideración da literatura infantil e xuvenil como unha literatura de categoría.

Iso sucede só no sistema literario galego? Sucede tamén no sistema literario español. De feito nos últimos anos conseguín amizar con varias persoas que escriben literatura infantil e xuvenil en español e teñan a mesma percepción, considéranos autores e autoras de segunda categoría.

O empoderamento das mulleres é un dos eixos da túa obra, presente nas mulleres rebeldes das túas novelas, desde aquela Reina d' *Unha estrela vento* (2010), pasando por *Isla d' O corazón de Xúpiter* (2012), *Escarlatina* (2014), *Nube de Recinto gris* (2014), *Extravaganzza Pérez* (2016), *as mulleres planta* (2016), *a señorita Bubble* (2017), até *Ágata Mcleod*, protagonista d' *A balada dos unicornios* (2018). Obedece a un proxecto intencionado, creo que hai que reivindicar o papel e a presenza das mulleres no cine, na literatura, nos museos e en todos os eidos da vida social. Como necesitamos tamén máis protagonistas femininas na literatura. Isto obedece tamén a un proxecto persoal no que o empoderamento das mulleres na miña obra discorre de xeito paralelo a miña propia vivencia como muller. Quixen que as miñas protagonistas foran mulleres rebeldes, afoutas, autónomas, libres, con capacidade para rebelarse no mundo no que viven, que non están conformes, que non teñen maior dificultade en dicir «isto non me gusta», «quero ir por estoutro lado». Sobre todo cuestionarse o mundo, que é algo fundamental para nós, cuestionarse a sociedade onde vivimos. Por iso as miñas protagonistas tamén o fan.

Personaxes teus como Escarlatina ou Extravaganzza son moi marcantes para as túas lectoras. Cales foron para ti mulleres importantes como escritora? Non teño dúbida que foron Marga Rodríguez Marcuño, Manuela Pena e por suposto María Xosé Queizán e todo o entorno da revista *Festa da palabra da silenciada*. Persoas que foron e seguen sendo a día de hoxe fundamentais na esfera do feminismo. E moito lles teño que agradecer.

Tres mulleres que aínda non recibiron todo o recoñecemento por parte da sociedade galega que merecen. Por suposto. Manuela Pena é unha crítica literaria extraordinaria, magnífica, unha muller moi discreta. Marga Marcuño é a tradutora galega d' *O segundo sexo* e da obra de Agota Kristoff. Como é significativa a homenaxe feminista a María Xosé Queizán, que lle fixemos unha chea de mulleres. Outra vez a sororidade como elemento fundamental que fixo posible que chegase unha homenaxe tan necesaria como esa.

Un proceso de empoderamento que se está convertendo nun proceso de cambio real? O oito de marzo foi visible. Comparto a opinión unánime de que aquilo non foi froito da casualidade, senón consecuencia do traballo das mulleres que durante tantos anos abandeiran o feminismo. Foi un punto de inflexión co lazo da sororidade que nos une a todas nós, estou convencida de que á volta de vinte ou vinte e cinco anos a sociedade na que imos vivir non vai ser a mesma, por fortuna, na que vivimos a día de hoxe.

Na literatura galega, até agora, foi eminentemente masculina, cando non abertamente misóxina? Foi así, pero iso está cambiando. Con todo, sei que hai persoas, mesmo do eido da crítica ás que lles custa aceptar que as mulleres teñen un papel decisivo na literatura galega actual. Non se entendería sen o que representamos as mulleres escritoras, sería unha visión parcial do sistema literario. Moitas persoas da crítica en Galicia deberían facer algo de autocritica neste sentido e darlle unha volta aos seus prexuízos.

Iniciativas recentes como a revista *Criaturas* ou a plataforma crítica *A Segra* están ofrecendo unha ollada feminista e ispen eses prexuízos. É necesario poñer esta perspectiva machista en cuestión porque fai moito dano, un dano brutal tanto para as mulleres escritoras como para o conxunto do sistema literario, xa que están dando unha visión deturpada do seu funcionamento e do papel das mulleres na literatura e na sociedade.

Outro dos teus temas que frecuentas é o da morte, o que pode parecer aínda máis relevante en obras dirixidas ao público infantil onde até agora foi un tema tabú. Con respecto ao tema de romper tabús para min foi algo importante. Ninguén nos prepara para a dor que provocan as rupturas sentimentais, a dor do desamor, nin para a dor que produce a morte. A dor da perda en ambos os dous casos. Esa cuestión é importante tratada na literatura. Iso era o que tiña na cabeza cando escribín *Escarlatina*, dende a irreverencia, dende o humor macabro que xa traballara Castelao de maneira brillante, un autor que descubrín cando estaba no instituto e me marcou. Como doutros autores que traballan o mundo do macabro como Bram Stoker, *Drácula* sempre foi un dos meus libros de cabeceira, que lin xa non lembro cantas veces.

No humor asumes modulacións, xa que tamén empregas esoutro máis refinado, irónico presente n' *A señorita Bubble* ou n' *As peripecias de Extravaganzza*, tan ao xeito de Roald Dahl. Dahl é outro dos meus autores e síntome super cómoda nese rexistro. Creo que a rapazada o percibe e aí é onde mellor consigo conectar con ela, a través do humor. É o rexistro que nos une, a Leticia autora co lectorado. A través do humor podo falar de calquera cousa, até da morte. O humor é un vehículo creativo que me pode levar a abordar calquera tipo de tema.

O traballo cos ilustradores, como Víctor Rivas, Andrés Meixide ou Óscar Vilán sempre foi moi valioso para ti? Valiosísimo. Foi coma se eles me activasen algo na cabeza. Polo feito de ver apenas un bosquejo xa me abre ese lado creativo, dispárame a imaxinación. O traballo con eles, uns tipos hipercreativos, facilita multiplicar o valor dos textos.

Outra liña temática que ves intensificando nas obras máis recentes está vinculada á cultura *steampunk* coa reivindicación da cultura tecnolóxica, do valor da ciencia, sobre todo para as mulleres, mesmo chegando a mesturar ciencia e fantasía como no teu libro máis recente *A balada dos unicornios* (2018). Esa mestura é moi atractiva, explosiva para min, unha bomba a nivel creativo. Ese enfrontamento entre corvos e unicornios é ao final unha metáfora dunha loita encarnizada entre o ben e o mal. Neste libro a fantasía está moi presente no deseño das máquinas. A pesar de non ter formación científica, a min encántame os coches, encántame conducir, como me gustan todo tipo de vehículos, o que me levou neste caso a crear un aeronáutico. Atráeme moito o *steampunk*, a combinación das máquinas coa estética vitoriana, nun escenario como o Londres de Jack o Destripador.

Que é o gótico? Un universo escuro, un universo macabro, un universo vitoriano, pero que ten un punto fascinante. Ese punto que fai que nos atraia tanto o descoñecido, esa barreira que te poñen diante e non podes resistir tentar superala. O gótico é do que non se pode falar, o prohibido que atrae. O gótico e o macabro teñen ese punto prohibido que resulta tan atractivo para o ser humano.

A cultura do *steampunk* tamén facilita a recuperación da memoria como fixeches en *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* (2017), a túa particular homenaxe a cidade de Vigo. Síntome moi cómoda cando aproveito os datos históricos da documentación, ese espazos, esas gretas, esas fisuras que deixa a historia, para comezar a coser a ficción literaria. Gústame moitísimo facelo e gocei moito escribindo as mulleres planta con ese Vigo de finais do dezanove e comezos do vinte. Tamén sucedeu cando escribín *Un animal chamado Néboa*, coa reconstrución na ficción literaria dalgúns episodios da segunda guerra mundial.

Tamén reivindicas a natureza como unha forma alternativa fronte ao mundo tecnolóxico. É fundamental que eu me criase no extrarradio de Vigo, sempre vivín rodeada do monte. Por iso doulle tanta importancia ás raíces, á terra, ao medio ambiente. N' *As peripecias de Extravaganzza Pérez* (2018) fíxeno de forma deliberada xa que este é un libro de defensa da ecoloxía, dos animais e do medio ambiente. Creo que na infancia se desenvolven un xeito de ver a vida e de entender o mundo, no meu caso dende a natureza.

No caso de *Extravaganzza*, un libro con vontade de clásico infantil, deseñaches unha protagonista que nace cunhas lentes postas. Que lentes precisan os nenos e as nenas para descubrir e entender o mundo actual? Lentes violetas, claramente violetas, son eles e elas o futuro, as que determinarán o que será o mundo. Como non entendo outra forma de entender o mundo que non sexa dende a perspectiva da igualdade e do feminismo, o que precisan son lentes violetas, son fundamentais.

Outro dos motivos recorrente da túa obra é a aceptación da diversidade que enfías co da igualdade e do empoderamento. Es tamén optimista sobre este proceso de recoñecemento das persoas diferentes? Son dous procesos que están indo da man, creo que se están dando pasos para lograr unha sociedade diversa. Podemos falar do recoñecemento do espectro autista, da síndrome de Asperger ou das persoas trans e da diversidade sexual. É o único xeito de que cheguemos a unha sociedade máis xusta, igualitaria e que atende á diversidade. En *Recinto gris* (2014) tiña todo iso na cabeza, pero recoñezo que é unha obra moi experimental na que tratei

de empatar a cuestión da diversidade cunha metáfora do holocausto nazi nun contexto fantástico.

A literatura como unha motivación para a acción, para facer cousas? A min gústame pensar que si, que a literatura pode mudar algo no interior das persoas e por extensión esas persoas poden mudar o mundo. A literatura pode contribuír a mudar o mundo no que vivimos. Con esa idea escribo.

Iso é compartido polo lectorado? Absolutamente. Seino polo contacto que teño nos clubs de lectura, onde se crean uns climas que facilitan as confidencias, que non se provocarían noutros contextos. Establécese un proceso de comunicación moi íntima na que entendes que a literatura fala dos seres humanos e por iso cada persoa que le pode entender a historia dunha maneira e inserila na súa propia vivencia. Iso é algo marabilloso.

Agustín Fernandez Paz repetiu moitas veces que «a literatura facíase cos fíos da vida» e Xabier DoCampo emendouno na presentación d' *A nena do abrigo de astracán* (2017) nunha intervención testamentaria inesquecible dicindo que «a literatura é capaz de esfíañar a vida».
Ti onde te colocas entre as afirmacións dos dous grandes mestres nosos? Creo que os dous levan razón. Se me poño no punto de vista de creadora, claro que escribo cos fíos da vida, moitísimas das miñas experiencias persoais, das miñas vivencias están nos meus libros, non sei escribir sen facelo dende min mesma ou das persoas que me rodean, das que son observadora. Mais como tamén son lectora sei que a literatura esfiaña a vida, claro que si, axuda a entendela. Sei que a construción social que impera na realidade manca. Sei que algúns libros como *Recinto gris* ou *O corazón de Xúpiter*, a pesar de que teñen puntos de luz, mancan, teñen que mancar porque a vida é esgazadora. A literatura ten que esgazar para que algo quede na persoa que está lendo. A literatura por riba de todo ten que espertar emocións, boas e outras que non o son tanto, que representan a totalidade do ser humano. A literatura ten que remoer cousas, ten que provocar emocións de todo tipo. Cada libro pide un final, eu non escribo finais á carta, nese sentido son bastante intuitiva. Fago o que me demanda a historia nese momento.

Nos últimos cursos tiveses unha experiencia moi intensa de contacto cos lectores e lectoras nos centros escolares. É certo que nas aulas se está producindo unha revolución lectora silenciosa? Así é, grazas ao traballo teimoso das bibliotecas escolares e das mestras implicadas na lectura en galego. Cousa diferente é o dominio da competencia lingüística en galego por parte dos nenos e das nenas. A Administración debe ter conciencia que na última década se produciu un dramático retroceso no emprego da lingua galega por parte dos escolares. Percibo que hai veces que en centros de Vigo ou da Coruña a rapazada cústalle moitísimo construír unha frase en galego de forma correcta. Iso é algo dramático. Algo estamos facendo mal. A Administración educativa é unha das grandes responsables. Mais tamén o son as familias, se non lle transmitimos a lingua aos nosos fillos e as nosas fillas, a lingua pérdese. Así como percibo un gran entusiasmo con todo o relacionado coa lectura, que os rapaces e rapazas conectan perfectamente coa ficción literaria escrita en galego, pero logo falan e escriben deses libros en castelán. Len en galego pero teñen unha enorme dificultade para falar e escribir nunha lingua que para eles é estranxeira.

Ti es xogadora de petanca. Que beneficios ofrece este deporte tan francés? É un xogo de estratexia moi familiar. No meu caso xogamos toda a familia, é un momento de lecer que gozamos todos xuntos. Temos un equipo, o Club de Petanca Cabral do que son delegada feminina. Eu son unha persoa moi competitiva, compito, sobre todo, comigo mesma. Na petanca

podo facelo con outras persoas, cando estou competindo é dos poucos momentos no que podo desconectar do universo literario.

Ese carácter competitivo lévache a asumir cada libro como un novo reto literario? A min o tema do reto é algo que me activa moito. Hai que experimentar, o cerebro necesita buscar novas fórmulas, e non sei se iso ten que ver coa petanca ou non, que é un xogo moi divertido, que engancha coma a literatura, algo que teñen en común ambas as dúas disciplinas.

Tras obter o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2014) participaches en moitos encontros fóra de Galicia, como ven a nosa literatura dende alí? O que vou dicir é durísimo. Practicamente non nos coñecen. Continuamos sendo invisibles. Coñecen a Agustín Fernández Paz, a Xabier DoCampo, a Manuel Rivas, a Suso de Toro e para de contar.

E cal cres que é a razón? O problema é que se non somos traducidos ao español, que é a lingua que impera, somos absolutos descoñecidos. Ser traducido ao español é requisito para ser recoñecido. Con todo ultimamente hai algunha iniciativa interesante, como por exemplo a de *El templo de las mil puertas*, unha revista dixital especializada en crítica de literatura infantil e xuvenil, que outorga os «Templis», un premios bastante valorados, que acaba de sacar unha sección para os libros non traducidos ao español.

Boa parte das túas obras están traducidas ás linguas oficiais españolas, algunha ao coreano e inglés e acabas de recibir a versión italiana, publicada por Mondadori, de *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*. Como encaras este proceso de tradución do teu catálogo? Estou moi interesada no proceso de internacionalización e de chegar dende o galego a outras linguas. Sei que hai aínda algún obstáculo que superar, como atopar persoas que traduzan directamente dende o galego, sen pasar pola ponte do español, como fixo Jonathan Dunne con *Un animal chamado Néboa*, que traduciu para o inglés.

E o papel da intermediación das axencias para conseguir as traducións? É practicamente a única vía para a acceder ao mundo das traducións, o que implica renuncias económicas. As axencias están xogando un papel decisivo, pero as máis importantes non len en galego. Iso ten que ver co empoderamento que precisa a literatura galega e coa profesionalización da nosa literatura.

É posible esa profesionalización dende a lingua galega? É moi complicada pero para min é unha realidade, vai xa para cinco anos que levo vivindo en exclusiva da literatura. Creo no modelo da profesionalización. A día de hoxe non sabería entender o meu oficio doutro xeito. Non sería capaz de simultanear a escrita con outra profesión, iso mermaría as miñas capacidades a todos os niveis. Creo que si é posible, estoumo demostrando a min mesma.

En que traballas este verán, se podes confesalo? Algo podo confesar. Estou traballando de forma simultánea en dous proxectos. Unha novela para persoa adultas, un *thriller* psicolóxico ambientado nun lugar que é Vigo, aínda que non se diga explicitamente no texto, unha novela que está sendo un reto a nivel estilístico e tamén a nivel literario. E logo practicamente xa rematei unha novela infantil onde o macabro ten un peso decisivo. Despois do verán continuarei coa novela de adultos que compartirei coa escrita da segunda parte d' *A señorita Bubble*.